



CUNHA FERNÁNDES, A. L. (2012): *A construção do conhecimento pedagógico: análise comparada de revistas de educação e ensino; Brasil-Portugal, 1880-1930.* Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkin, 2013, 400 pp.

A elaboración de historias ‘nacionais’, do tipo que sexan, ven sufrindo, afortunadamente, *de combats pour l’histoire*, é dicir, embates contra modos de facer que comprendemos limitados en canto á capacidade interpretativa que deben ter os relatos de análise de diversos fragmentos do pasado. E mellor aínda que unha historia internacional, unha historia comparativa e transnacional, como aquela que mellor permite observar a presenza de correntes de fondo que permean territorios e colectividade por baixo das explícitas fronteiras políticas nacionais, nun mundo crecentemente aberto a ideas, viaxeiros, libros e revistas.

Desde esta crítica consciencia foi desde onde a profesora Ana Lucia Cunha abordou, orixinalmente como materia da súa tese de doutoramento en ciencias da educación, unha parte dos procesos acontecidos en Portugal e no Brasil entre os finais do século XIX e os primordios do século XX en canto á construción do coñecemento pedagógico, isto é, en canto ao traslado dos saberes empíricos de educación acumulados polos sectores dos profesores ao escenario da súa configuración e formalización disciplinaria e académica de tales saberes e aínda de novos saberes, coa intermediación de dúas recoñecidas revistas de educación, dous vehiculos de circulación transnacional de ideas, modelos e experiencias nun tempo que, como sinala Antonio Nóvoa no Prefacio, “ se constitúe como o tempo fundador da modernidade pedagógica e da construción do modelo escolar”: o brasileiro *Boletim da Educação Pública* (1930-1935) e a *Revista Escolar* portuguesa (1921-1935), dados os significativos puntos de contacto entre as historias educacionais dos dous estados. Revistas que, segundo a tese, foron a modo de “institucións” que desempeñaron un papel fundamental tanto na produción de saberes ligados à educación e, consecuentemente, na progresiva constitución do campo disciplinar pedagógico, como na comunicación dun discurso cada vez máis especializado, en tanto que “elementos de propaganda científica”.

A pesquisa procurou identificar a xénese e o desenvolvemento dun discurso especializado sobre educación no espazo e tempo que sinalamos. Analizouse a afirmación do coñecemento pedagógico como fundamento teórico, no contexto da consolidación das ciencias sociais e huma-

nas e da emerxencia do modelo da escola popular, poñéndoo en relación con outros factores sociais. Estudáronse, asimismo, as relacións entre os procesos de elaboración-afirmación-lexitimación-apropiación-difusión de tales discursos en Portugal e no Brasil desde unha ollada transnacional, coa atención á rede de colaboradores externos ligados ás citadas publicacións, podéndoas percibir como espazos de confluencia vs. disputa e como obxectos estruturantes do propio campo pedagóxico.

Tendo en conta as achegas de Foucault sobre as “prácticas discursivas” e sobre a socioloxía –histórica– das prácticas culturais, os procesos de regulación e o poder, a autora preguntase: como é que un saber se constitúe?; que é o que foi producido como coñecemento pedagóxico?, como foi caracterizada a educación nestas dúas revistas?, que asuntos tiveron maior evidencia e foron máis discutidos?; de que forma eran expostas as experiencias vividas noutros países?, aplicando eses interrogantes a un dos ‘momentos fortes’ da profesionalización docente e de produción dun ‘discurso científico’ sobre a educación, considerando como momentos fortes os períodos 1880-1890, 1920-30, e 1960-70. Selecciónase, pois, o segundo momento: como tempo de elaboración da “racionalidade científica con exclusión da práctica”, por distanciamento ‘positivista e cientista’ da modestia empírica. Acompañárona como referencial teórico

forte a “epistemoloxía social” de Popkewitz, as reflexións sobre a transnacionalidade de Jurgen Schriewen, a Teoría do Sistema Mundial de Immanuel Wallerstein, a conceptualización da “apropiación” elaborada por Certeau, e as achegas de Chartier e de Marta Carvalho desde a “historia cultural” e a nova concepción da “historia intelectual”, con mentes de “comprender o proceso por medio do cal o coñecemento pedagóxico influenciou e influencia o campo educativo e as posicións dos seus diversos integrantes” (p. 33).

A tese conclúe coa percepción da educación como condición para o progreso e a reforma social cun horizonte de “civilización”, e como prevención de calamidades; unha formulación dependente do pensamento educativo positivista e funcionalista, observándose que no ciclo temporal examinado, tanto en Portugal como no Brasil se mobilizaban referentes moi similares nos seus discursos educativos, dentro dun contexto de historia longa e “con períodos máis amplos do que imaxinaban os innovadores” (p. 377), o que nos remite ao peso das permanencias.

Unha moi valiosa achega, en particular, no plano epistemolóxico, conceptual e metodolóxico.

Antón COSTA RICO
USC